



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN	
PONTEVEDRA	
Nº REGISTRO 68	DATA 29-3-96
ENTRADA	

Benito Corbal, n.º 47 - 4.º

Registro de la Propiedad nº 1 de Pontevedra
Teléfono 84 60 26 - Fax 85 23 27
36071 PONTEVEDRA

Presentado a las 13:30 h. el día 22
Diciembre de 1995 con el nº 1155
al folio 124 del Libro 88

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte **RESOLUCION:**

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS
ENTRADA EN MAN COMUN
COTEXADO. LUGAR DE ORIGEN DO CRIXINAL
Data: 22 de Decembro de 1995
A Secretaria



Asd^a: RAMONA CELIA FERNANDEZ ALVAREZ

ASISTENTES

PRESIDENTE
D. Jose Luis Díez Yáñez.
Delegado Prov. da
Consellería de Agricultura,
G. e Montes).

VICEPRESIDENTE
D. Jose J. Barreiro Prado.
(Maxistrado da Audiencia
Provincial)

VOCAIS
D. Teodoro Arribas Serrano.
(Xefe do Servicio de Mtes e
I. Forestais)
D. Luis Ma Muiños Vidueira.
Letrado da Asesoria
Juridica da Xunta)
D. Serafin Quinteiro Blanco.
(Avogado polo colexio da
Provincia.)

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE SAN ANDRES DE
FIGUEIRIDO.VILABOA**
D.Constantino Lamoso Couso.
D. Carlos Boullosa Acuña.

**VOCAIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE VILABOA.VILABOA**
D. Antonio Adonis Ferreiro
Ameal.
D. Manuel Dacosta Salgado

SECRETARIA
D. Ramona C. Fernandez
Alvarez. (Xefe da Sección
Juridica da Delegación
Provincial de A.G. e Montes)

Na cidade de Pontevedra
sendo as dezasete horas do
día 21 de novembro de 1995,
coa asistencia das persoas a
marxe reseñadas reunese o
xurado Provincial de
Clasificación de Montes
Veciñais en Man Común
obxecto de decidir sobre a
Clasificación dos montes
"DA COSTA", "CAMPINOS
VERDES", "PEDRA MIRANDA",
"COTO LOUREIRO" E "CHAN DA
CRUZ" pertencentes á
Parroquia de San Andrés de
Figueirido, Concello de
Vilaboa.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.-O Xurado
Provincial de Montes
Veciñais en Man Común, por
Resolución do 11 de decembro
de 1.981, acordou declarar
como Veciñais en Man Común
os denominados "MONTES DE
FIGUEIRIDO", compostos polas
tres seguintes parcelas que
sumaban un total de 54 Has.
a) "CHAN DO VILAR", de 32
Has.
b) "PEDRA MIRANDA", de 18
Has.e
c) "COTO LOUREIRO", de 4
Has.



SEGUNDO.- A Comunidade de montes veciñais en man común da Parroquia de San Andrés de Figueirido, do Concello de Vilaboa, insta agora deste Xurado a declaración como "montes vecinales en man común todos los comprendidos en el perímetro de la parroquia de San Andrés de Figueirido, con excepción de los clasificados en la Resolución de 11 de Diciembre de 1.981", a prol da devandita Comunidade.

TERCEIRO.- O Presidente da Comunidade de montes veciñais en man común de Vilaboa opúxose á inclusión dos montes "CHAN DA CRUZ" e "DA COSTA" (ou "PEDRA MIRANDA) no expediente de clasificación formulado pola Comunidade veciñal de Figueirido, en base a que os consideraban da súa propiedade a teor dos argumentos que inserían no seu escrito.

CUARTO.- Amais da documentación propia da tramitación do expediente, obra neste a el achegada polas devanditas Comunidades, o informe da enxeñeira de montes adscrita ó Servicio de Montes e Industrias Forestais de Pontevedra, e o certificado do Rexistrador da Propiedade segundo o cal, ningunha das parcelas de monte afectadas polo presente expediente figuran inscritas.

XURADO PROV DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN

COTEXADO. FOLIO 100 ORIGINAL
Data: 01/01/1995
A Secretario.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Para unha adecuada resolución do presente expediente cómpre distinguir: por unha banda, as novas parcelas de monte que se pretenden clasificar como veciñais en man común e, por outra banda, aquelas que se ben xa foron clasificadas polo Xurado o 11 de decembro de 1.981 agora se persegue que teñan unha meirande cabida e extensión.

SEGUNDO.- NOVAS PARCELAS.-

A teor do informe da enxeñeira de montes xa aludido nos antecedentes de feito desta mesma resolución, a parcela de monte coñecida por "DA COSTA" posúe unha superficie de 0,6 Has., extrema tanto polo Norte, como polo Sur, e Este, con propiedades particulares, mentres que polo Oeste faino coa estrada local á Canicouba. Trátase dun monte con matogueira e algún pé de E. Globulus, totalmente arrodeada de muros de pedra agás pola parte Oeste no que, como xa se dixo, extrema cunha estrada. E en canto o seu aproveitamento (principalmente para o esquilmo) demostrouse o mesmo polos veciños.

Consonte tamén o mesmo informe, a parcela de monte denominada "CAMPINOS VERDES" posúe unha superficie de 5,7



Así RAMONA CELIA FERNANDEZ ALVAREZ

Has., limita polo Norte con propiedades particulares, polo Sur con máis propiedades particulares e a pista asfaltada a Figueirido, polo Este con predios particulares e o concello de Pontevedra, e polo Oeste coa pista asfaltada a Figueirido e propiedades particulares. Tamén esta parcela atópase con matogueira e algúns pés de E. Globulus e P. Pinaster e, igualmente, ven sendo obxecto de aproveitamento, a xeito de esquilmo, polos veciños.

Segundo todo o ata aquí exposto, á vista da restante documental histórica obrante no expediente, e tendo en consideración que a Comunidade de Vilaboa a elo non se opuxo, procede a declaración daquelas como veciñais en man común a prol da Comunidade de Figueirido.

TERCEIRO.- PARCELAS QUE XA FORON DECLARADA EN MAN COMUN.-

A parcela de monte "COTO LOUREIRO", segundo recente croquización sobre o terreo, mide unhas 5,3 Has isto é máis das que se refería na resolución deste mesmo Xurado do ano 1.981 (4 Has.) e bastante menos das que refiren os promoventes do presente expediente (8,2 Has.). Os lindeiros das 1,3 Has da parcela do devandito monte que, entón, se pretende clasificar son, polo Norte, fundos particulares, polo Sur o xa dende o ano 1.981 clasificado monte veciñal en man común de Figueirido, polo Este o concello de Pontevedra e, polo Oeste, predios particulares.

Velaí polo que, polas mesmas razóns xa apuntadas con anterioridade para o caso das novas parcelas, non existe impedimento algún para que a declaración como veciñal en man común abranga tamén á mentada parcela coa extensión e lindeiros que se teñen consignado.

O Xurado na súa reunión do ano 1.981 efectivamente xa clasificara como veciñal en man común o monte "PEDRA MIRANDA" aludindo a súa superficie de 18 Has. que agora en 1,6 Has. pretende ser incrementada pola comunidade de Figueirido. Mais esta residual superficie xa aparece clasificada por canto, no mesmo día (11 de decembro) daquel ano o Xurado, na mesma reunión, procedeu a clasificar como veciñal en man común o monte "DA COSTA", de 18 Has., a prol da Comunidade de Vilaboa. Logo as pretendidas 1,6 Has. xa aparecen clasificadas a prol dunha ou outra das veciñas Comunidades de Figueirido ou Vilaboa e, evidentemente, non procede entrar agora noutro tipo de cuestións. E deste xeito, é mester rexeitar a petición que en tal sentido facían os promoventes do expediente.

Verbo da parcela "CHAN DA CURZ", as 67 Has. que se solicitan sexan declaradas a prol da Comunidade de Figueirido xa aparecen incluídas nas 356 Has. do monte "CASTINEIRA VALADA, POSTIMIRON E CHAN DA CRUZ" clasificadas a prol dos veciños da parroquia de Vilaboa, segundo así se colixe da totalidade da documental obrante no expediente, polo que, de plano cómpre rexeitar a pretensión en tal sentido deducida.

Vistos o artigo 14 da Lei 4/1995, do 24 de maio, de Dereito Civil de Galicia, o artigo 19 da Lei 13/1989, do 10 de

outubro, de montes veciñais en man común o artigo 1º do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da anterior nomeada Lei, e demais concordantes de xeral e pertinente aplicación, os membros do Xurado de maneira unánime acordan a Clasificación como veciñais en man común das parcelas de monte "DA COSTA", "CAMPIÑOS VERDES", e "COTO LOUREIRO" a prol dos veciños da Parroquia de San Andrés de Figueirido, Concello de Vilaboa, coa descripción gráfica que se recolle na planimetría que se une a presente Resolución, elaborada polo Servicio de Montes e Industrias Forestais e asinada por tódolos membros do Xurado formando parte inseparable da mesma, e que se corresponde cos seguintes lindes e cabida

- 1) NOME DO MONTE: Monte da Costa.
CABIDA: 0,6 has.
LINDES
NORTE, SUR, LESTE: Propiedades particulares.
OESTE: Estrada local a Canicouva.

REGISTRO DE LA PROPIEDAD Nº 1.º DE PONTEVEDRA
Tomo 1164
Libro 41
de Vilaboa
Folio 182
Fina 3.966
Asnt A

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN



COTEJADO CON O ORIGINAL
Data: 03 DIC. 1995
Asnt: RAMONA SEIJA

- 2) NOME DO MONTE: Campiños Verdes.
Consta de dúas parcelas:

PARCELA A; sita ó Leste
CABIDA: 2 Has.
LINDES
NORTE: Fincas particulares
SUR: Fincas particulares
LESTE: Termino municipal de Pontevedra e Fincas particulares
OESTE: Fincas particulares

REGISTRO DE LA PROPIEDAD Nº 1.º DE PONTEVEDRA
Tomo 1164
Libro 41
de Vilaboa
Folio 183
Fina 3.967
Asnt A

PARCELA B; sito ó Oeste
CABIDA: 3,7 Has.
LINDES
NORTE: Fincas particulares
SUR: Pista asfaltada a Figueirido e fincas particulares
LESTE: Fincas particulares
OESTE: Pista asfaltada a Figueirido e fincas particulares

- 3) NOME DO MONTE: Coto Loureiro.
CABIDA: 1,3 ha.
LINDES
NORTE: fincas particulares.
SUR: montes veciñais en man común da parroquia de Figueirido
LESTE: termo municipal de Pontevedra.
OESTE: predios particulares.

REGISTRO DE LA PROPIEDAD Nº 1.º DE PONTEVEDRA
Tomo 1164
Libro 41
de Vilaboa
Folio 184
Fina 3.968
Asnt A

Asimesmo, por unanimidade, os membros do Xurado Acordan denegar a mesma declaración como veciñal en man común que se interesaba con respecto do monte "PEDRA MIRANDA" e "CHAN DA CRUZ", polas consideracións que aparecen recollidas nos fundamentos de dereito da presente Resolución.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES dende a notificación da mesma, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción, en relación co artigo 12 da Lei de Montes Veciñais en Man Común e o artigo 28 do seu Regulamento modificados ambo-los dous preceptos legais pola Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.




[Handwritten signatures and scribbles]

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN
COTEXADO EN O ORIGINAL
Data: 07/11/1995
a Secretaría



Asd^a RAMONA CEJA FERNANDEZ ALVAREZ



"COTO LOUREIRO"
Sup. 1.3 Has.

"DA COSTA"
Sup. 0.6 Has.

"CAMPIÑOS VERDES"
Sup. 5.7 Has.

El Boqueiro

Carballa

AGUSTIN BLOND ARREDONDO

(Ingeniero técnico forestal)

ESCALA 1:10.000

PONTEVEDRA, NOVIEMBRE DE 1995



AMADO PROYECTO MONTE VECINAIS
EN BSA CARLIN

COTEXADO DE UN PLAN ORIGINAL
Data: 1995

DAMON VECINA FERNANDEZ AVAREZ

CACHEIRO